

**5302** REAL DECRETO 284/2001, do 16 de marzo, polo que se crea o guión e o estandarte de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias, e se modifica o Regulamento de bandeiras e estandartes, guións, insignias e distintivos, aprobado polo Real decreto 1511/1977, do 21 de xaneiro. («BOE» 66, do 17-3-2001.)

Súa Maxestade El Rei, seguindo a tradición da Casa Real e contando co asesoramento da Real Academia da Historia, aprobou o uso de armas de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias.

Establecidos polo Real decreto 834/1984, do 11 de abril, os honores militares que lle corresponden a Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias, como herdeiro da Coroa, cómpre simbolizalos por medio do correspondente guión e estandarte.

Como consecuencia da creación no presente real decreto do guión e estandarte de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias, faise preciso modifica-lo actual Regulamento de bandeiras e estandartes, guións, insignias e distintivos, aprobado polo Real decreto 1511/1977, do 21 de xaneiro, para prever nel a súa inclusión.

Na súa virtude, por proposta dos ministros da Presidencia e de Defensa e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de marzo de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Creación do guión e o estandarte de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias.*


Créase o guión e o estandarte de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias, as descrições dos cales se inserirán no Regulamento de bandeiras e estandartes, guións, insignia e distintivos, aprobado polo Real decreto 1511/1977, do 21 de xaneiro.

Artigo 2. *Modificación do regulamento.*

Modifícase o Regulamento de bandeiras e estandartes, guións, insignias e distintivos, aprobado por Real decreto 1511/1977, do 21 de xaneiro, no sentido de acrescentar ó título II, Guións e estandartes, as seguintes regras:

### «REGRA NÚMERO 3

#### Guión de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias



#### 1. *Descrición*

Será un pendón cadrado, todo el rodeado por un cordonciño de ouro, do que arrinca unha flocadura de fío do mesmo metal.

O fondo será de cor azul da bandeira do Principado de Asturias e bordado sobre el, no seu centro, escudo escauertelado: 1.º, de goles, cun castelo de ouro, ameado, mazonado de sable e aclarado de azur, que é de Castela; 2.º, de prata cun león rampante de púrpura coroado de ouro, lampasado e armado de goles, que é de León; 3.º, de ouro, con catro paos de goles, que é de Aragón; 4.º, de goles, cunha cadea de ouro posta en orla, en cruz e en aspa, cun punto de sinople en abismo, que é de Navarra; entado en punta, de prata, cunha granada ó natural rachada de goles, sos-tida, talada e follada de dúas follas de sinople, que é de Granada. Sobre o todo, un escudete de azur con tres flores de lis de ouro, bordura de goles, que

é de Borbón. O todo diferenciado cun lambel de azur de tres pés.

O escudo, timbrado cunha coroa pechada, que é un círculo de ouro, engastado en pedras preciosas nas súas cores, composto de oito floróns de follas de acanto visibles cinco, interpolados de perlas na súa cor, dos que parten catro diademas de perlas, vistas tres, que converxen nun orbe azul, co semi-meridiano e o ecuador de ouro, sumado de cruz de ouro, a coroa forrada de vermello e rodeado do colar do Vélaro de Ouro.

#### 2. *Confeción*

Con veludo de algodón, bordado por ámbalas faces nos seus esmaltes.

#### 3. *Medidas*

Largo e alto do guión: 800 milímetros.  
Largo da flocadura: 22 milímetros.

Altura do escudo: 440 milímetros.  
Separación dos extremos do escudo ós bordos superior e inferior: 180 milímetros.

#### 4. Cores


Guión: cor azul do fondo da bandeira do Principado de Asturias.  
Escudo: nos seus esmaltes.

#### 5. Uso

Para ser portado por un oficial da escolta cando esta acompañe Súa Alteza Real.

### REGRA NÚMERO 4

#### Estandarte de Súa Alteza Real o Príncipe de Asturias



#### 1. Descripción

Será una bandeira cadrada de igual cor que o guión e coa súa mesma composición, sen o cordón de ouro nin flocadura.

#### 2. Cores

Estandarte: cor azul do fondo da bandeira do Principado de Asturias.  
Escudo: nos seus esmaltes.

#### 3. Tipos

Número 1-a, 1.600 milímetros.  
Número 2-a, 1.200 milímetros.  
Número 3-a, 1.000 milímetros.  
Número 4-a, 800 milímetros.  
Número 5-a, 400 milímetros.

#### 4. Confeción

Será de tecido forte de la ou de fibra sintética, estampado ou con sobrepostos por ámbalas partes.

#### 5. Usos

	Gala	Diario	Días de mal tempo
Palacios .....	1	2	4
Campamentos e aeródromos ...	2	3	4
Buques de máis de 5.000 toneladas .....	1	2	4
Buques de 5.000 a 1.000 toneladas .....	2	3	4
Buques e embarcacións inferiores a 1.000 toneladas .....	3	4	4
Aeronaves e vehículos terrestres.	5	5	5»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de marzo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ